

CUESTIONARIO "NOVOS MATERIAIS"

NOME:.....Nº.....

1. As propiedades que son específica de cada substancia son...

- a. As propiedades xerais.
- b. As propiedades individuais.
- c. As propiedades características.

2. A masa e o volume son...

- a. Propiedades individuais.
- b. Propiedades xerais.
- c. Propiedades características.

3. A densidade e a flotabilidade son...

- a. Propiedades características.
- b. Propiedades individuais.
- c. Propiedades xerais.

4. Un corpo flotará na auga se a súa densidade é...

- a. Menor á que ten a auga que é 1gr/cm³.
- b. Maior á que ten a auga que é 1gr/cm³.
- c. Igual á que ten a auga que é 1gr/cm³.

5. Cando enchemos un globo de auga prodúcese...

- a. Un cambio físico irreversible.
- b. Un cambio físico reversible.
- c. Un cambio químico.

6. Cando explotamos un globo cheo de auga prodúcese...

- a. Un cambio físico reversible.
- b. Un cambio químico.
- c. Un cambio físico irreversible.

7. O paso dun corpo de estado gasoso a sólido sen pasar por líquido de chama...

- a. Oxidación.
- b. Sublimación.
- c. Sublimación inversa.

8. A oxidación é un...

- a. Cambio físicos reversible.
- b. Cambio químico.
- c. Cambio físicos irreversible.

9. Unha aliaxe é un caso particular de...

- a. Mestura homoxénea de metais.
- b. Mestura heteroxénea de metais.
- c. Disolución de metais.

10. O mellor método para separar un mestura homoxénea de dous líquidos é a...

- a. Destilación
- b. Imantación.
- c. Decantación

- 11. Os materiais obtidos sen a intervención humana son os...**
- a. Materiais naturais.
 - b. Materiais vexetais.
 - c. Materiais artificiais.
- 12. Algúns materiais naturais son...**
- a. Lousa, ouro e ferro.
 - b. Granito, ouro e diamantes.
 - c. Ferro, ouro e diamantes.
- 13. Un material artificial moi empregado na construción e na artesanía é...**
- a. A cerámica.
 - b. O papel.
 - c. O plástico.
- 14. Ten a propiedade de recuperar a súa forma orixinal se o quentamos...**
- a. Grafeno
 - b. Nitinol
 - c. PVA
- 15. Poderase empregar na fabricación de placas solares máis eficientes e baratas...**
- a. Nitinol
 - b. PVA
 - c. Grafeno
- 16. É un material que se desfai en contacto co auga...**
- a. Alcohol etílico
 - b. Alcohol polivinílico
 - c. Alcohol metílico.
- 17. Nun centímetro da túa regra de clase entrarían...**
- a. 10 mil nanómetros.
 - b. 1000 nanómetros.
 - c. 10 millóns de nanómetros
- 18. Son materiais naturais de orixe animal...**
- a. A seda, a pel e o coiro.
 - b. A lá, a seda e a pel.
 - c. A e B son correctas.
- 19. O CIS é o...**
- a. Centro de Innovación e Servizos da Tecnoloxía e o Deseño de Ferrol.
 - b. Centro de Información e Seguridade e Deseño de Ferrol
 - c. Centro de Innovación e Servizos de Traballo e o Desenrolo de Ferrol.
- 20. Os primeiros materiais empregados polos humanos foron...**
- a. A pedra, a madeira e o óso.
 - b. A pedra, a madeira e o cobre.
 - c. A madeira, o óso e o bronce.

- 21. A palabra *polímero* ven de dúas palabras gregas como son...**
- a. Poli (moitos) e Mero (parte).
 - b. Poli (moitos) e Mero (significado).
 - c. Poli (moitos) e Mero (uso).
- 22. Algúns polímeros de orixe natural son...**
- a. O amidón (animal), a celulosa (vexetal) e o ADN.
 - b. O amidón (vexetal), a celulosa (vexetal) e o ADN.
 - c. O amidón (vexetal), a celulosa (animal) e o ADN.
- 23. Un homopolímero está formado por...**
- a. Monómeros iguais.
 - b. Heterómeros iguais.
 - c. Copolímeros iguais.
- 24. Os polímeros que, ao quentalos, fúndense e pódense moldear de novo son os...**
- a. Termoplásticos
 - b. Termoestables.
 - c. Elastómeros.
- 25. A baquelita, o material co que se fabrican os mangos dos cazos e tixolas, é un...**
- a. Polímero termoplástico.
 - b. Polímero termoestable.
 - c. Polímero elastómero.
- 26. Os copolímeros son polímeros formados por...**
- a. Por monómeros de dous ou máis tipos diferentes.
 - b. Por homopolímeros do mesmo tipo.
 - c. Por monómeros dun mesmo tipo.
- 27. A polimeración é...**
- a. O proceso de separación dos polímeros.
 - b. O proceso de unión de monómeros para formar polímeros.
 - c. O proceso de unión dos polímeros para formar monómeros.
- 28. Na polimeración por adición...**
- a. Cada monómeros se engade a outro monómero.
 - b. Cada monómero que se engade perde unha molécula de auga.
 - c. Cada monómero que se engade perde unha molécula de osíxeno.
- 29. O método máis empregado de polimeración dos homopolímeros é por...**
- a. Evaporación.
 - b. Adición.
 - c. Condensación
- 30. O método máis empregado de polimeración dos copolímeros é por...**
- a. Evaporación.
 - b. Fusión
 - c. Condensación.